CONCELLO DE
PONTEVEDRA

TRG

Número de expediente:2017/PROCESOSELECTIVO/000001

RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DA CONCELLERÍA DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E PATRIMONIO POLA QUE SE ADMITE A DON RUBÉN DARÍO BASTOS MARTÍNEZ COMO ASPIRANTE NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CONFIGURACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DE DIVERSAS PRAZAS E ACUMULACIÓN DE FUNCIÓNS NA UNIDADE OPERATIVA DE CONSERXERÍA DE CENTRO ESCOLARES ENCADRADAS NO GRUPO AP

1.- No BOP núm.96, do 22/05/2017, publicáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha lista de reserva para a substitución transitoria de diversas prazas e acumulación de funcións na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, encadradas no grupo AP, e logo de finalizado o prazo establecido para a presentación de instancias (23/05/2017-01/06/2017, ambos inclusive), ditouse resolución da concellería de goberno responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio pola que se facía pública a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos

2.- Unha vez finalizado o prazo de emenda, a concellería de goberno responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio ditou resolución de data 24/07/2017 pola que se aprobou a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e se fixou a data do primeiro exame do proceso selectivo convocado e a composición do tribunal cualificador, publicándose no taboleiro de anuncios da casa consistorial, e de forma complementaria na Sede Electrónica do concello cuxa dirección é http://sede.pontevedra.gal, o día 26/07/2017.

3.-Advertido erro na certificación relativa ás solicitudes de participación presentadas no proceso selectivo, emitiuse nova certificación corrixindo o erro que requería a inclusión de don Rubén Darío Bastos Martínez na lista de admitidos por canto o citado interesado presentou solicitude de participación o día 31/05/2017, con data do número de Rexistro de entrada 2017020784, tal e como consta no xustificante emitido para os efectos polo Rexistro xeral Municipal.

4.- En consecuencia, procede incorporar ao expediente a documentación achegada a través do rexistro municipal polo Sr. Bastos Martínez e emitir unha resolución complementaria para declarar ao interesado, con DNI 36 159 356 K, como aspirante admitido ao proceso selectivo **convocado para** a configuración dunha lista de reserva para a substitución transitoria de diversas prazas e acumulación de funcións na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, encadradas no grupo AP.

5.- Na mesma resolución do 24/07/2017 de aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, fixáronse as datas de constitución do tribunal cualificador e de realización do primeiro exercicio do proceso selectivo convocado para a configuración dunha lista de reserva para a substitución transitoria de diversas prazas e acumulación de funcións na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, nos termos que se reproducen a continuación:

"(...)

-A Constitución do Tribunal terá lugar **o día 12 de setembro de 2017, ás 9:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello,** sito na rúa Michelena-30, baixo.

-O primeiro exercicio terá lugar **o día 13 de setembro de 2017 ás 13:00 horas,** no Auditorio do Pazo de Congresos e Exposicións sito na rúa Alexandre Bóveda s/n .(...)"

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:7WM441Z7KZJ17HMC

En consecuencia co arriba exposto e de conformidade coas Bases reguladoras da convocatoria, esta Concellería de Goberno RESOLVE:

Primeiro.- Incluír a don RUBÉN DARÍO BASTOS MARTÍNEZ na lista definitiva de aspirantes admitidos no proceso selectivo para a configuración dunha lista de reserva para a substitución transitoria de diversas prazas e acumulación de funcións na Unidade Operativa de Conserxería de Centros Escolares, encadradas no grupo AP, **ao acreditarse que presentou a solicitude en tempo e forma,** tal e como se pon de manifesto na parte expositiva desta resolución.

Segundo.-Notificar, para o seu coñecemento, a don RUBÉN DARÍO BASTOS MARTÍNEZ a data de celebración do primeiro exercicio do referido proceso selectivo conforme ao disposto na Resolución da concellería de goberno responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio do 24/07/2017 publicada no taboleiro de anuncios municipal o día 26/07/2017:

-A Constitución do Tribunal terá lugar **o día 12 de setembro de 2017, ás 9:00 horas, na Sala de Xuntas do Concello,** sito na rúa Michelena-30, baixo.

-O primeiro exercicio terá lugar **o día 13 de setembro de 2017 ás 13:00 horas,** no Auditorio do Pazo de Congresos e Exposicións sito na rúa Alexandre Bóveda s/n .

Terceiro.- O aspirante deberá presentarse para a realización de cada exercicio provisto do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Cuarto.-A presente resolución publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello (situado no baixo do edificio Michelena 30) e , de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é http://sede.pontevedra.gal.

Así mesmo, a presente resolución notifícaselle expresamente ao interesado, don Rubén Darío Bastos Martínez.

Quinto.-Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o ordena e dispón a concellería de goberno responsable no exercicio das súas atribucións delegadas, ante o Secretario da Administración Municipal, que DA FE da precedente resolución.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO 1
Servizo: SECRETARÍA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Data: 07/08/2017

Asinado por: MARIA CARMEN DA SILVA MENDEZ
Servizo: ALCALDIA
Cargo: TENENTE DE ALCALDE
Data: 07/08/2017
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica
COD RESOL.2017002189

Este documento foi emitido electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:7WM441Z7KZJ17HMC